

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS E A ASOCIACIÓN GALEGA DE EMPRESAS MUSICAIS-AGEM PARA O DESENVOLVEMENTO DO NETWORKING MUSICAL “CONECTA GALICIA” EN 2025

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director da Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic) **DECLARA:**

Que a Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic) pretende formalizar coa **Asociación Galega de Empresas Musicais** o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende **a sinatura do convenio ata o 30 de decembro de 2025**.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

O financiamento por parte da Agadic do Networking musical “Conecta Galicia”, un evento que se desenvolverá na primeira semana de decembro en Santiago de Compostela dirixido aos distintos axentes da industria musical galega. O proxecto contempla a realización de relatorios e mesas redondas con profesionais de prestixio da industria musical nacional, nas que se abordarán temáticas clave como o estado actual da industria musical en España, estratexias para a internacionalización da música galega ou os modelos de produción musical independente. E habilitarase, ademais, unha zona de networking profesional, que incluírá espazos específicos para promotores, selos discográficos, empresas de servizos musicais e outros axentes relevantes, así como un formato de *speed networking*, co obxectivo de facilitar encontros breves, dinámicos e eficaces entre artistas e profesionais. Esta zona estará deseñada para fomentar a xeración de contactos, colaboracións e oportunidades de negocio, consolidando o evento como unha plataforma útil e estruturada para o desenvolvemento profesional no sector musical galego.

Que o instrumento convencional fundaméntase no seguinte:

A Agadic presta especial atención ao eido do asociacionismo profesional apoiando medidas e iniciativas concretas das diferentes entidades aglutinadoras do sector profesional que desenvolven unha actividade crecente tanto de cara ao servizo dos asociados coma á visibilización do tecido profesional dos diferentes sectores culturais. E a Asociación Galega de Empresas Musicais, atendendo aos seus fins, vén promovendo de forma continuada actividades e servizos de carácter colectivo e asistencial así como de fomento de todo tipo de iniciativas que redundan na defensa e potenciación do sector musical.

A música en Galicia atópase nun momento de crecemento e visibilidade sen precedentes, sustentado pola consolidación de festivais recoñecidos a nivel estatal e internacional, pola progresiva profesionalización dos seus axentes e polo apoio tanto a nivel institucional como privado ás iniciativas do sector. Este dinamismo tradúcese nunha contribución significativa tanto á economía como á cultura do país. E a Agadic entende que, para asegurar a continuidade e expansión deste



proceso, resulta vital seguir reforzando as infraestruturas do sector, impulsar a súa internacionalización e consolidar unha planificación estratéxica a longo prazo. Iniciativas como a que pretende levar a cabo a Asociación co desenvolvemento do networking musical “Conecta Galicia” contribúen de maneira directa a estes obxectivos e permiten avanzar na confirmación da música galega como un referente non só dentro da industria cultural, senón tamén como motor de desenvolvemento territorial e identidade contemporánea.

Todo este esforzo no fomento do sector musical que realiza a Asociación tanto a nivel representativo como de dinamización e promoción coincide plenamente coas liñas de traballo da Agadic no que atinxe ao impulso da cooperación e do asociacionismo nos distintos sectores culturais, así como no establecemento de medidas para aumentar a visibilidade nos mercados culturais, neste caso o musical.

O alto grao de representatividade da entidade, ao abarcar unha alta porcentaxe do sector musical galego, con máis de cincuenta empresas asociadas que conforman conxunto de estruturas de produción e creación de moi diversas tipoloxías a nivel profesional; o seu carácter como única entidade aglutinadora do sector musical galego no seu conxunto ao integrar a empresas que realizan actividades de deseño, xestión e produción de eventos de carácter cultural, musical, educativo, social e de entretemento, actividades técnicas, de representación de artistas; así como a inclusión desta actividade de fomento dentro da planificación estratéxica da Axencia Galega das Industrias Culturais, xustifican a concesión desta subvención mediante a formalización deste convenio de colaboración.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febrero de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela.

Jacobo Sutil Nesta

Director da Agadic

